

# OQUES GRASSES

**Novo disco 2019** 

FUSIÓN

## Artista/banda

Oques Grasses é unha das formacións revelación na música catalá dos últimos tempos. Non hai fronteiras entre grupo e público, son o mesmo. Ou todo o contrario. Non é fácil definirse, alomenos coa palabra. Eles prefiren facelo no espello do escenario, cos seus espectadores como único reflexo. Aí está a verdade, alí se atopan eles, alí se recoñecen. A súa música colle forma no cara a cara co público. A súa natureza pertence á estirpe das bandas multinstrumentais, próximas a formacións que nos poden levar a sensibilidades que agroman desde Nova Orleáns. Ou non, porque son iso ou o seu oposto. Considéranse só xente que explica o que vive e o que sente, con cancións e sen cancións. Vense como músicos, mais tamén como momentos, coma calquera e coma todos. O seu traballo discográfico está cargado de rechamantes sons e depurada técnica: *Digue-n'hi com vulguis*, *Fer-te feliç* e *You Poni*.

## O espectáculo

Oques Grasses rompen un longo ano de silencio para anunciar que publicarán o seu cuarto disco a principios de ano.

O seu estilo musical toma risco para encherse de novas sonoridades propias de países americanos ou outros recunchos. A nova produción do disco é unha aposta de presente e futuro que fará deleitar aos seus seguidores.

Actualmente están rematando o novo disco, preparando 2 videoclips cun orzamento de grande produción gravado nun país afastado.



### FICHA ARTÍSTICA

Josep Montero: voz e guitarra

Amau Altimir: batería

Joan Borràs: teclado

Guillem Realp: baixo

Miquel Biarnés: trombón

Miquel Rojo: trompeta

Josep Valldeu: saxo

Duración: 75 minutos

Público: todos os públicos

 **info**  **ver vídeo**